



DECRETO DE ALCALDÍA

APROBACIÓN LISTAXE DE ADMITIDOS-EXCLUÍDOS CONTRATACIÓN DE PERSOAL DOCENTE PARA IMPARTIR O CURSO DE COMPETENCIA MATEMÁTICA PLAN AFD 2021/2022.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria aprobadas por decreto de alcaldía de data 5 de novembro de 2021, de 5 días naturais (do 7 ao 11 de novembro de 2021), ambos inclusive, contados dende o día seguinte á publicación do anuncio no diario "La Voz de Galicia" e no taboleiro electrónico o día 6 de novembro de 2021) para prove-las prazas de persoal laboral temporal que se relacionan:

PROGRAMA/SERVIZO MUNICIPAL
Persoal docente curso competencia matemática

Considerando: Ás bases xerais aprobadas pola Corporación Municipal por decreto de alcaldía o 5 de novembro de 2021.

Visto o informe da funcionaria de personal, Luz María Vieito Díaz, de data 24 de novembro de 2021 que literalmente di:

"INFORME DO DEPARTAMENTO DE PERSOAL E RECURSOS HUMANOS

LVD 208/2021

A funcionaria de persoal e recursos humanos

INFORMA:

Vista a Resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade de 14 de setembro de 2021, correspondente ao expediente TR301K2021/000140-1, relativa a aprobación de accións formativas do Plan Formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidas a persoas traballadoras desempregadas para o período 2021-2022, de acordo ás desagregacións especificadas na citada resolución.

Unha vez aprobadas as bases e a convocatoria por decreto de alcaldía de data 5 de novembro de 2021 para a contratación de persoal docente para impartir o curso de formación de competencia matemática plan afd 2021-2022.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, para prove-las prazas de persoal laboral temporal arriba mencionadas, e segundo o informe da técnico de formación Cristina Pereira Ulla de data 18 de novembro de 2021, RESULTAN admitidos todos os aspirantes presentados:

Persoal docente para impartir o curso de competencia matemática plan afd 2021-2022.

A) ADMITIDO/AS:

Nº	APELIDOS E NOME	Nº REXISTRO ENTRADA e data	DNI
1	Simón González Diz	-----	-----

B) EXCLUÍDO/AS:

Ningún/ha

Á vista de que todos os aspirantes presentados son admitidos, non se concede prazo de reclamacións porque todos presentaron a documentación esixida segundo as bases que regulan a convocatoria en tempo e forma dentro do prazo habilitado ao efecto para presentación de instancias, elevándose a definitiva a listaxe provisional de admitidos, segundo o disposto na cláusula 5 das bases que regulan a convocatoria.



Non se completa a columna de n.º de rexistro de entrada, data e DNI, por non dispoñer de tales datos no informe da técnica de formación e por non estar a documentación xunto coas instancias no departamento de persoal.

En Santa Comba, 24 de novembro de 2021

A FUNCIONARIA,

Asdo.: Luz María Vieito Díaz"

RESOLVO

Primeiro.- Aproba-la lista de admitidos que de seguido se relaciona:

A) ADMITIDO/AS:

Nº	APELIDOS E NOME	Nº REXISTRO ENTRADA e data	DNI
1	Simón González Diz	-----	-----

B) EXCLUÍDO/AS:

Ningún/ha

Segundo.- Non se concede prazo de reclamacións porque todos os aspirantes que presentaron a documentación é a esixida segundo as bases que regulan a convocatoria, elevándose a listaxe de admitidos a definitiva segundo o disposto na cláusula 5 das bases que regulan a convocatoria.

Terceiro.- O tribunal de selección estará formado por:

Presidente titular: Carlos A. Vega García. Suplente: M.^a Magdalena Ordóñez Villar.
Secretaría titular: Cristina Pereira Ulla. Suplente: M.^a Carmen Castro Reborido.
Vogais:
Titular: M.^a Magdalena Ordóñez Villar. Suplente: Herminio Blanco Agra.
Titular: M.^a Jesús Pérez Vila. Suplente: M.^a Isabel Barreiro Paredes.
Titular: M.^a José Martínez Suárez. Suplente: José Manuel Parajó Mallón.

Cuarto.- A constitución do tribunal e fase de concurso terá lugar o día 26 de novembro de 2021 ás 12:30 horas e a fase de oposición ás 13:30 horas.

Quinto.- Expóñase no taboleiro de anuncios a efectos de xeral coñecemento.

En Santa Comba,

A Alcaldesa

Dou fe, A SECRETARIA XERAL

Asdo.: María J. Pose Rodríguez

Asdo.: Cristina Alonso Losada